



PERIGO

LER TODO ANTES DE COMEZAR CO DIARIO!!!

Posto que este mes de abril se conmemora a Semana do libro, que mellor maneira de celebralo que convertíndote en escritor/a estes días! Os escritores son persoas moi interesantes e moi importantes!! Sabías que na Semana do libro que celebramos todos os anos lembramos a un escritor que naceu fai case cincocentos anos, Miguel de Cervantes? Vaia que xa tiña que ser importante para seguir lembrándonos del!!

Agora tócache a ti escribir un diario que consiste en ir falando do teu día a día, poñendo antes a data. Hai tamén libros moi coñecidos que son diarios, así que esmérate en facelo porque igual o teu tamén chega a ser famoso algún día!!

A primeira folla é a portada do diario que podes deixar para facer a fin de semana. Nela aparece unha fiestra sobre a que terás que debuxar o que ves desde a ventá dunhas das estancias da túa casa: o teu cuarto, a cociña, a sala...

No espazo en branco que hai debaixo da ventá escribe en letras grandes e bonitas o título do libro que será: DIARIO DUN NENO CONFINADO NA CASA ou DIARIO DUNHA NENA CONFINADA NA CASA. Por certo, "confinar" significa obrigarlle a alguén a estar nun espazo determinado, neste caso, na casa.

Na parte de abaixo da ventá, onde hai unha zona máis clara, escribe o teu nome e o primeiro apelido.

Comezarás o diario o luns 20 de abril e terás que escribir unha folia cada día, non deixes pasar ningún día sen escribir nel. O diario será escrito en lingua galega.

Teredes que enviarme as cinco páxinas escritas de luns a venres. Aínda que vos mando tamén follas en branco para escribir o sábado e o domingo por se quixerades ter o diario completo, estas non se van revisar. O sábado e o domingo serán polo tanto opcionais e de temática libre, se as escribides podedes contar por exemplo o que fixéchedes no día ou calquera cousiña interesante que vos acontecese.

Agora vou darvos algunhas propostas ou ideas para escribilo, pero como vós sodes os/as escritores/as del, non tendes por que cumprir exactamente co que vos pido escribir cada día, así que cando queirades contar algo que vos sucedera, que soñárades, que vírades ou que imaxinárades ese día tendes vía libre para facelo. Ademais aínda que os diarios adoitan contar a verdade, non tes por que ser completamente sincero/a e podes deixar voar a túa imaxinación cando e canto queiras.

Lembra que arriba de todo tes que poñer cada día a data **completa**, así: Luns, 20 de abril de 2020.

Estas son as propostas para escribir cada día desta semana:

Luns: Di como te chamas, cantos anos tes, onde vives (lugar, concello e provincia) e con quen vives. Conta tamén por que comezas a escribir este diario e canto tempo levas sen saír da casa a ningures, e por que. O espazo en branco é para facer un debuxo de ti mesmo.

Martes: Atendendo a todo o que levas escoitado todos estes días, hoxe terás que contar que é iso do coronavirus ou COVID-19, que é o que está pasando, por que é importante quedar na casa e non saír, as medidas de protección que hai que tomar, etc. No espazo en branco debuxa o arco da vella cun lema para dar ánimo nestes momentos.

Mércores: Hoxe terás que falar dos días que xa pasaron desde que estás recluso na casa: se te aburres, se te divirtes e como, que cousas fas que antes non facías, podes contar algunha anécdota especial que che sucedese neste tempo, etc. No espazo en branco debuxa algo que represente o que contaches.

Xoves: Conta hoxe que persoas que fai tempo que non ves botas máis de menos e por que, se falas con algunha por teléfono ou dalgún outro modo e como te sintes por non poder saír e velas. Debuxa a unha desas persoas.

Venres: Hoxe terás que elixir unha das estancias da casa que teña ventá, ir a ela, contar cal escolleches e describir o que ves a través da fiestra. Para facelo ben terás que fixarte nos pequenos detalles. Debuxa un deses detalles no espazo en branco. Toda a paisaxe que vexas podes debuxala na portada a fin de semana.

Pautas para facer un diario espléndido:

- 🕒 Escribe con coidado, procurando facer a mellor letra que poidas. Para non cometer erros durante a escritura, pensa antes o que vas querer dicir. Tamén podes facer un borrador en sucio e despois pasalo a limpo.
- 🕒 Procura non cometer faltas de ortografía. Se dubidas como se escribe unha palabra consúltalo primeiro no dicionario entrando na páxina web academia.gal.
- 🕒 Lembra deixar marxes, escribir con maiúscula ao iniciar o escrito e despois de punto, facer pausas usando as comas, os puntos seguidos e á parte, etc.
- 🕒 Non deixes liñas en branco nin completes liñas poñendo "Fin" ou palabras semellantes. Seguro que tes cousas moi interesantes que contar!


